



Nota de prensa

Colectivos ecoloxistas da Cordilleira Cantábrica reúnen co Ministerio para denunciar a falsa Transición Xusta

Reclaman primar o autoconsumo fronte aos beneficios caídos do ceo para as multinacionais

PONFERRADA, 5, IV.- A pasada semana, con motivo da visita ao Bierzo da ministra para a Transición Xusta, catro colectivos ecoloxistas solicitaron unha entrevista que “non puido ser”. O gabinete da ministra derivou a xestión á directora do Instituto de Transición Xusta, Laura Martín Murillo, quen se reuniu con representantes da Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica, de ADEGA, da Sociedade Galega de Ornitoloxía e de Bierzo Aire Limpo. Aínda que o encontro foi cordial, os ecoloxistas lamentaron a ausencia da ministra Teresa Ribeira: “Non sabemos que pode haber máis urxente neste momento para O Bierzo, León ou Galicia, e para toda a cordilleira cantábrica, que parar o desastre eólico que impulsa e promove desafortadamente o propio Ministerio para a Transición Ecolóxica”.

Os colectivos ecoloxistas manifestaron á representante do Ministerio de Transición Ecolóxica que se senten abandonados polo goberno e que os colectivos sociais están a ser os únicos que, de maneira altruísta, están a defender a paisaxe, os hábitats e todo o patrimonio natural da Cordilleira Cantábrica, incluídos os últimos refuxios da pita de monte, ameazados polas multinacionais eólicas. “É inconcibible que se escollan como localización destes parques eólicos os montes e bosques máis valiosos do noso territorio e non haxa nin un só proxecto que se asente en vertedoiros (e no Bierzo temos uns cantos), polígonos industriais ou chans degradados”.

Os ecoloxistas fixeron constar á directora do Instituto de Transición Xusta o feito de que os macroparques eólicos non crean emprego e intensifican o éxodo rural, facendo constar como proba varios exemplos. O turismo, a agricultura e outras actividades económicas están moi vinculadas á paisaxe da que proceden (un coñecido adegueiro rioxano afirma que “embotella paisaxe” e renunciou a ampliar o seu negocio nun lugar no que hai varios proxectos eólicos). Antropizar os espazos naturais pode danar de maneira irreversible estas actividades”.

AMPLIACIÓN DA REDE NATURA E RESTITUCIÓN DA AVALIACIÓN AMBIENTAL

Os representantes das organizacións conservacionistas fixeron especial énfase no dano irreversible que pode crear nos territorios da Cordilleira Cantábrica a aplicación dos artigos relativos aos proxectos de enerxía renovable dos reais decretos-lei 6/2022 e 20/2022. Esixiron a derogación destes artigos por vulnerar descaradamente as normas de avaliación ambiental vixentes, eximindo de avaliación

ambiental ordinaria á maioría dos proxectos industriais de renovables que son competencia do Ministerio, independentemente da súa potencia. Ademais, estes artigos eliminan espazos de participación pública nos procedementos de autorización.

A isto súmase o incumprimento do mandato europeo en canto á necesaria ampliación de Rede Natura 2000 e a elaboración e execución dos plans de xestión e conservación, cuestión que afecta especialmente a Galicia e pola que a Comisión Europea mantén aberto un expediente sancionador contra o Estado español.

“Calquera afección ás comunidades vexetais e os niveis freáticos nos cumes vai afectar a un territorio moito maior. Como exemplo, destácanse as turbeiras, un dos maiores sumidoiros de carbono existentes en risco de perderse –como xa está a pasar no Escudo (Cantabria)– polas máquinas de sondaxe que, a pesar da paralización cautelar, tratan de continuar coas súas tarefas para instalar aeroxeradores”.

PLANIFICACIÓN DEFICIENTE E SOBREFERTA ELÉCTRICA

Os colectivos presentes interpelaron á directora do Instituto para a Transición Xusta polo chamado PNIEC (Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima), actualmente recorrido polo Fondo para o Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica, do que forman parte estas entidades, ante o Tribunal Supremo. “O PNIEC –argumentan– apoia o mesmo sistema económico que nos trouxo aquí. Non se fala de eficiencia, aforro, senón de xusto o contrario. A zonificación é deficiente, tanto na súa elaboración como na implementación da normativa, e é a que están a usar os promotores. Saliéntase que a zonificación do Ministerio non inclúe os plans de conservación das especies protexidas e ameazadas, que a nivel estatal faltan o 85% dos mesmos. Non houbo unha avaliación ambiental estratéxica, nin reflicte os compromisos coa conservación”.

Os colectivos avogaron ante a representante do Ministerio polo autoconsumo e as comunidades enerxéticas no canto de apostar –como está a ocorrer– polas multinacionais do modelo anterior, que só buscan os “beneficios caídos do ceo” (en clara alusión aos danos causados sobre a avifauna polas pas dos aeroxeradores).

Na súa resposta, a directora do Instituto para a Transición Xusta, Laura Martín, defendeu o PNIEC como unha ferramenta valiosa e puxo a énfase no diñeiro investido en restauracións nas áreas de transición xusta no Bierzo e no Alto Sil. Pero recoñeceu que os proxectos de enerxías renovables con acceso á rede “superan as necesidades de electricidade que temos”. Rebateu o argumento de que os macroproxectos de renovables favorezan o despoboamento (“non está demostrado”) e recoñeceu deficiencias administrativas en materia de acceso á información. Finalmente, comprometeuse a trasladar as demandas á ministra Ribeira e a estudar como abordar as autorizacións de proxectos eólicos en comunidades autónomas reticentes a ampliar a Rede Natura ou con pouca superficie protexida, incumprindo o estándar europeo.